SERVIZO DE CARDIOLOXÍA



A misión do Servizo de Cardioloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela é contribuir a mellorar a saúde cardiovascular da poboación desta área sanitaria a través dunha atención óptima ós nosos doentes, unha investigación de máximo nivel en cardioloxía e unha excelente formación dos profesionais. O Servizo de Cardioloxía desenvolve nos últimos anos unha estratexia de mellora continua da calidade nas áreas asistenciais, docente e investigadora, apostando pola innovación sanitaria, a nivel tecnolóxico e de servizos. Un dos principais obxectivos do servizo é a mellora e implantación de novos servizos asistenciais, estructurados e controlados, que aseguran unha maior calidade e seguridade fronte ós modelos convencionais, prestando especial interés ás análises de sostenibilidade, escalabilidade e eficiencia no consumo de recursos. Outro dos obxectivos estratéxicos do servizo é mellorar a experiencia dos usuarios, para o que os proxectos de mellora incorporan a análise sistemática e estructurada da experiencia dos usuarios.
No ano 2015 a actividade asistencial consolídase cos máis altos niveis de calidade na atención ás enfermidades cardiovasculares agudas, con indicadores de mortalidade e morbilidade que nos sitúan por encima dos estándares da atención cardiolóxica nacionais.

Relación de unidades funcionais:

- Dolor torácico
- Electrofisioloxía e arritmias
- Hemodinámica
- Insuficiencia cardiaca
- Imaxe cardíaca
- Rehabilitación cardiaca

Unidades especiais:

- Urxencias cardiolóxicas 24 horas
- Xestión integrada por procesos asistenciais
- Unidade de coidados coronarios agudos e intermedios
- Planta de hospitalización con telemetría
- Unidade de dor torácico
- E-consultas (on-line). Consulta acto único
- Unidade de enfermidades conxénitas do adulto e miocardiopatías
- Programa de rehabilitación cardíaca e prevención secundaria
- Unidade de insuficiencia cardíaca
- Consulta de cardiotoxicidade

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Non se atopou ningún resultado asociado

Clasificación

Categorías:

- Público, Cidadanía, Profesionais
- Temas, Oferta asistencial, Servizos sanitarios, Información sobre saúde, Enfermidades cardiocirculatorias